



BASES POLAS QUE SE REGULA O PROCEDEMENTO E AS CONDICIÓNS PARA A ADHESIÓN Á REDE DE COMERCIO LOCAL MOVE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA NO MARCO DOS PROXECTOS “DA TÚA MAN” (RURAL I E RURAL II), PRESENTADOS ÁS CONVOCATORIAS DE AXUDAS DE 2022 E 2023 PARA O APOIO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS RURAIS, COFINANCIADO POLO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU

TEXTO CONSOLIDADO

- Texto inicial: aprobado mediante Resolución Presidencial N° RP2024002640 de 04/04/2024 (BOPPO Núm.69 do 09/04/2024)
- Modificación 1: aprobado mediante Resolución Presidencial N° RP2024008426 de 31/10/2024 (BOPPO Núm.216 do 06/11/2024)

A Deputación de Pontevedra, en liña co Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), ten como un dos principais obxectivos en materia de comercio o desenvolvemento de mecanismos para posicionar de maneira eficiente o territorio, co fin de xerar unha maior competitividade no tecido empresarial da provincia, especialmente tendo en conta que en tempos de pandemia e confinamento os comercios de proximidade estiveron pechados ou sufriron importantes restricións de capacidade; isto, por unha banda, provocou perdas económicas irrecuperables e, por outra, supuxo un impulso para que moitos iniciasen a súa transformación dixital. Por iso, cómpre que desde a Administración se vele pola reactivación eficaz da promoción económica local.

Dentro das convocatorias publicadas polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, a Deputación de Pontevedra desenvolveu os proxectos “Da túa man” (rural I e rural II) presentados ás convocatorias de 2022 e 2023, respectivamente, cuxas bases reguladoras se recollen na Orde ICT/950/2021, de 10 de setembro (BOE núm. 218, de 11 de setembro de 2021), modificada pola Orde ICT/566/2022, de 15 de xuño (BOE núm. 148, de 22 de xuño de 2022) e pola Orde ICT/185/2023, de 22 de febreiro (BOE núm. 49, de 27 de febreiro de 2023).

Estes proxectos non xorden de modo illado, senón como actuación complementaria ao apoio ao comercio local emprendido pola Deputación de Pontevedra que, seguindo o PRTR, deseñou outros dous proxectos, “Commerce Inside”, en zonas turísticas, e “Da túa man”, cunha liña para municipios de entre 5.000 e 15.000 habitantes, aprobados na convocatoria de 2021 de apoio ao comercio polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

No que respecta ao proxecto “Da túa man” (rural I), o 27 de febreiro de 2023 a Dirección Xeral de Política Comercial do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo notificou a resolución de



concesión da axuda solicitada pola Deputación de Pontevedra para o citado proxecto, cun orzamento financiable de seiscentos vinte e catro mil novecentos sesenta e cinco (624.965,00) euros e catrocentos noventa e nove mil novecentos setenta e dous (499.972,00) euros de subvención proposta. En consecuencia, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 10 de marzo de 2023, adoptou, entre outros, o acordo número 40.32418, de aprobación e xeración de crédito do citado proxecto.

En canto ao proxecto “Da túa man” (rural II), o 3 de novembro de 2023 a Dirección Xeral de Política comercial do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo notificou a resolución de concesión da axuda solicitada pola Deputación de Pontevedra para o citado proxecto, cun orzamento financiable de cincocentos mil (500.000,00) euros e cincocentos mil (500.000,00) euros de subvención proposta. A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou o devandito proxecto na súa sesión ordinaria do 6 de outubro de 2023 (acordo número 3.33016) condicionado á recepción da citada notificación de resolución de concesión.

Entre as actuacións que se van executar, en ambos os proxectos contéplase crear unha rede de comercio retallista que beneficie os produtores e provedores locais, co fin de crear vínculos en toda a cadea de valor do comercio local e do produto de quilómetro 0 da man dos concellos e da institución provincial. A súa finalidade é impulsar unha estratexia común que implique as comunidades locais e aproveite as potencialidades e os recursos endóxeos (produtos locais, culturais e turísticos) dos municipios para favorecer a empregabilidade e a permanencia da veciñanza no territorio. Tamén se pretende sensibilizar a poboación e formalá nas habilidades, no uso e na xestión de ferramentas tecnolóxicas, e fomentar as estratexias de economía circular.

Esta rede de comercio materializarase nunha plataforma tecnolóxica e, para facilitar o acceso a esta e executar a actuación, prevese establecer o procedemento e as condicións de adhesión dos comercios retallistas, establecementos hostaleiros, produtores e provedores locais.

No artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Nesta liña, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Por todo isto, a Deputación de Pontevedra, no uso desas competencias e atribucións, e seguindo o establecido no Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o PRTR de España, e para cumprir co mandato contido no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, establece o procedemento e as condicións para a adhesión de comercios locais, establecementos hostaleiros, produtores e provedores á Rede de Comercio Local Move no marco dos proxectos “Da túa man” (rural I e II), presentados ás convocatorias de axudas de 2022 e 2023, respectivamente, para o apoio da actividade comercial en zonas rurais, cofinanciados polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do PRTR financiado pola Unión Europea cos fondos NextGenerationEU.

BASES

Primeira. Obxecto

O obxecto é establecer o procedemento e as condicións para a adhesión á Rede de Comercio Local Move da Deputación de Pontevedra por parte de comercios retalistas, establecementos hostaleiros, produtores e provedores locais, que voluntariamente o desexen, no marco dos proxectos “Da túa man” (rural I e rural II), presentados ás convocatorias de axudas de 2022 e 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais, cofinanciados polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do PRTR financiado pola Unión Europea cos fondos NextGenerationEU.

Segunda. Colectivo destinatario e requisitos

Poderán formar parte desta rede os comercios retalistas e establecementos hostaleiros dos municipios que participen na actuación desta e nas súas actividades de sensibilización e formación, así como os produtores e provedores locais de toda a provincia.

Os municipios participantes nas devanditas actuacións segundo o proxecto son:

- “Da túa man” (rural I), convocatoria de 2022: Arbo, Campo Lameiro, Cuntis, Forcarei, Meis, Mondariz, As Neves, Rodeiro e Pontecesures.
- “Da túa man” (rural II), convocatoria de 2023: A Guarda, A Illa de Arousa, Catoira, Covelo, Crecente, Moraña, Oia, Pazos de Borbén, Portas e Vilaboa.

Os comercios retalistas e os establecementos hostaleiros dos municipios citados poderán solicitar a súa adhesión sempre que reúnan os seguintes requisitos:

- Que desenvolvan a súa actividade comercial nos municipios participantes e reúnan as condicións legalmente establecidas para o exercicio da súa actividade.
- Que sexan persoas empresarias autónomas ou pequenas e medianas empresas, de conformidade co previsto no Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014.
- Que estean dados de alta nalgún dos grupos ou epígrafes do imposto de actividades económicas (IAE) recollidos no anexo I.
- Que o domicilio fiscal estea situado na provincia de Pontevedra.

Os produtores e provedores locais da provincia de Pontevedra poderán solicitar a súa adhesión sempre que reúnan os seguintes requisitos:

- Que desenvolvan a súa actividade na provincia de Pontevedra e reúnan as condicións legalmente establecidas para o exercicio da súa actividade.
- Que estean dados de alta nalgún dos grupos ou epígrafes do IAE recollidos no anexo II.
- Que o domicilio fiscal estea situado na provincia de Pontevedra.



Terceira. A Rede de Comercio Local Move da Deputación de Pontevedra e os seus beneficios

Englóbase dentro da rede de comercio retalista, produtores locais e provedores, así como das actuacións de sensibilización e formación nos municipios incluídos nos proxectos “Da túa man” (rural I e II), que, xunto cos propios concellos e coa Deputación de Pontevedra, integrarán a cadea de valor do comercio local.

A finalidade da rede é integrar toda a cadea de valor do comercio local de cada un dos concellos participantes cos produtores locais e provedores de servizos afíns para crear vínculos comerciais e estreitar e fortalecer as relacións de subministración. Así mesmo, configurarase como unha comunidade de aprendizaxe que permitirá compartir información e darlles visibilidade aos comercios e aos produtos locais a través de videoexperiencias nas que o comercio retalista, os establecementos hostaleiros ou os produtores locais poidan compartir a súa historia e promocionar o seu negocio, os produtos, a experiencia e o bo facer, así como o conxunto da oferta comercial local e turística do municipio. En definitiva, preténdese dar a coñecer o comercio e os produtos locais dos municipios beneficiarios, vinculados á calidade e á diferenciación, así como garantir a sostibilidade económica e social a través do fomento do turismo mediante os establecementos hostaleiros e os recursos naturais, culturais e patrimoniais.

A plataforma que sostará a rede contará:

- Cunha parte pública, á que se accederá mediante un portal web que lle permitirá á cidadanía acceder aos contidos xerados polos comercios retailistas, establecementos hostaleiros e provedores locais, así como a outra información relacionada co fomento de estratexias de economía circular que sexa de interese dos concellos e da Deputación de Pontevedra, coma bases e convocatorias de subvencións.
- Cunha parte privada, á que terán acceso, ademais das entidades locais que participan nos proxectos e da propia Deputación de Pontevedra, os comercios retailistas, establecementos hostaleiros e provedores locais adheridos, que poderán:
 - Compartir información dos produtos locais.
 - Establecer relacións comerciais de subministración para achegarlles os produtos locais ás veciñas e veciños, así como á poboación doutros municipios.
 - Compartir coñecemento e boas prácticas en ámbitos coma a valoración sostible dos produtos locais, a importancia do comercio local ou outras temáticas, coma cooperativas, márketing, tecnoloxía e normativa, e xerar novas oportunidades para mellorar a competitividade apostando por un modelo máis sostible.
 - Acceder aos titoriais e ás boas prácticas de persoas expertas.
 - Compartir e dar a coñecer os negocios e os produtos locais a través de videoexperiencias coa principal finalidade de que os comercios retailistas, os establecementos hostaleiros e os produtores e provedores locais poidan contar a súa historia e, ao mesmo tempo, os primeiros adquiran os produtos locais que lles trasladen “esa historia” ás e aos consumidores finais.
 - Dispoñer de información e accións de formación e sensibilización sobre o uso e a xestión de ferramentas tecnolóxicas e de sensibilización para fomentar estratexias de economía



circular, previr a xeración de residuos, separar correctamente os residuos para o seu reciclado e reutilizar produtos no modelo de negocio do comercio local e de establecemento hostaleiro.

A participación na rede contribuirá a unha serie de beneficios e vantaxes coma:

- Visibilizar o establecemento comercial, hostaleiro e de produtores na plataforma tecnolóxica Move.
- Darlle visibilidade ao establecemento comercial na plataforma “Commerce Inside”/”Da túa man”.
- Dar a coñecer o negocio a través de videoexperiencias e posicionarse na rede.
- Coñecer a oferta de produtores locais e establecer vínculos comerciais.
- Diversificar a oferta de produtos de calidade, proximidade e de km 0.
- Coñecer e experimentar outras formas de venda a través da dixitalización e da promoción comercial.
- Optimizar os custos das compras de produtos.
- Servir de referencia para atraer visitantes ao municipio.
- Participar nas accións formativas sobre a plataforma tecnolóxica Move e de sensibilización e formación sobre ferramentas dixitais e estratexias de economía circular.
- En xeral, acceder á parte privada e participar nos diferentes módulos.

A xestión da plataforma será asumida pola Deputación de Pontevedra en colaboración cos concellos participantes, polo que, desde a solicitude ata a formalización da adhesión, os comercios retalistas, os establecementos hostaleiros e os produtores serán asistidos e tutorizados en todo momento, así como posteriormente para a dinamización da rede.

Cuarta. Procedemento para a solicitude de adhesión á rede

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), código SIA 3054081, de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Cada un dos comercios retalistas e dos establecementos hostaleiros deberá presentar unha solicitude, que incluíra o IAE do anexo I e, no seu caso, o do anexo II establecidos nestas bases.

Pola súa parte, os produtores e provedores locais da provincia deberán presentar unha solicitude por cada establecemento ou lugar de produción, na que deberán incluír o IAE do anexo II.

Non se admitirá a presentación de solicitudes a través de medios electrónicos diferentes do descrito neste apartado.



Para a presentación das solicitudes, a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Quinta. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto mentres se manteña activo o programa que lle dá orixe a este procedemento.

Sexta. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas e que se detallan a continuación:

- DNI ou NIE da persoa solicitante.
- NIF da entidade solicitante.
- DNI ou NIE da persoa representante.
- Certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) de alta no IAE.
- Certificado da AEAT de domicilio fiscal.

No caso de que as entidades interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á entidade interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

Durante a instrución do procedemento, a Deputación de Pontevedra poderá requirir calquera documento acreditativo dos requisitos establecidos nestas bases. No caso de ter que achegar documentación complementaria, as entidades interesadas deberán presentala de xeito obrigatorio por medios electrónicos. As entidades responsabilizaranse da veracidade dos documentos entregados. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a mostra do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Sétima. Trámites administrativos posteriores á presentación das solicitudes

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 da devandita lei que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, de non o facer, terase por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.



Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Na Sede electrónica están dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as entidades interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de xeito electrónico ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles en:

<https://sede.depo.gal/web/public/catalog-detail/tramites-administrativos-genericos>

Oitava. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

As notificacións entenderanse practícadadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás entidades solicitantes avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practícada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra levaraa a cabo polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Novena. Procedemento de adhesión, resolución e notificación

Tras comprobar que as solicitudes compren os requisitos esixidos neste procedemento de adhesión, previa revisión da documentación e das emendas realizadas, o Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local, como instrutor do procedemento, formularalle a proposta de resolución para a súa admisión á rede ao órgano competente para resolver.

A resolución notificaráselle a cada persoa interesada nos termos previstos na base precedente. Cando o acto teña por destinatarias varias persoas poderase realizar unha publicación de actos na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) e na páxina web da



Deputación de Pontevedra (www.depo.gal), substitutiva da notificación administrativa individualizada.

A resolución poralle fin á vía administrativa e contra ela poderanse interpoñer os recursos administrativos ou xudiciais preceptivos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente.

Décima. Publicidade

Este procedemento e condicións de adhesión publicaranse na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Décimo primeira. Obrigas dos integrantes da rede

- Darse de alta na plataforma unha vez resolta a solicitude de admisión á rede.
A alta e o uso da plataforma suporá a aceptación das condicións do seu uso e da política de privacidade de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e á Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da que serán informadas convenientemente.
- Cumprir as condicións establecidas e responsabilizarse da veracidade dos datos indicados, sen prexuízo de cantas outras formalidades estean obrigados a cumprir.
- Someterse as actuacións de comprobación e vixilancia necesarias por parte da Deputación de Pontevedra para verificar o cumprimento dos requisitos esixidos e verificar o axeitado funcionamento e comportamento na plataforma tecnolóxica.
No suposto de incumprimentos, a Deputación de Pontevedra poderá cancelar a adhesión á rede. Neste caso, comunicarlle a devandita circunstancia ao comercio retalista, establecemento hostaleiro ou produtor.
- As solicitudes de baixa presentaranse a través do formulario electrónico que se habilitará para o efecto na plataforma Move. A continuación, a través desta plataforma, notificarase a aceptación da baixa presentada.

Décimo segunda. Supresión e modificación das condicións

Tras a resolución, o Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local poderá modificar e ampliar, se é pertinente, os códigos IAE, o ámbito de aplicación e as obrigas para adaptalos mellor á realidade do ámbito de actuación e aos fins e obxectivos dos proxectos.

Para a supresión e modificación das condicións e para aclarar as dúbidas que poida suscitar a súa interpretación, constituirase unha comisión de seguimento composta polos seguintes membros, que serán designados expresamente:

- Presidente: o xefe do Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local ou persoa na que delegue.



- Vogais: unha persoa funcionaria de carreira ou técnica do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local ou persoa na que delegue e un membro do equipo técnico da Intervención da Deputación de Pontevedra.
- Secretaria/o: un membro do equipo técnico do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente a persoa responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As reunións poderán ser presenciais ou a distancia. Na reunión constituínte designarase a persoa responsable e a ou o secretario redactará as actas das reunións.

O Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, á vista do expediente e do informe da Comisión de Seguimento, elevará a proposta de resolución das modificacións acordadas por esta comisión e someteraa ao órgano competente para resolver.

Décimo terceira. Réxime económico

A adhesión á Rede de Comercio Local Move é gratuíta para as persoas interesadas, xa que a actividade se financiará con cargo aos proxectos “Da túa man” presentados nas convocatorias de 2022 e 2023 de forma conxunta polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo e pola Deputación de Pontevedra. Finalizado o prazo de execución dos proxectos, financiarase, no seu caso, mediante medios propios da Deputación de Pontevedra, polo que queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos dos exercicios correspondentes.

Décimo cuarta. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Estes datos persoais serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://www.depo.gal/es/t-proteccion-de-datos>.

Anexo I: código IAE de comercio retalista e establecementos hostaleiros

CÓDIGO ACTIVIDADE (código 1, tipo 2)	GRUPO/ EPÍGRAFE	DESCRIPCIÓN
A03	641	Comercio polo miúdo de froitas, verduras, hortalizas e tubérculos.
A03	645	Comercio polo miúdo de viños e bebidas de todas clases.
A03	656	Comercio polo miúdo de bens usados, coma mobles, pezas e útiles ordinarios de uso doméstico.
A03	657	Comercio polo miúdo de instrumentos musicais e dos seus accesorios.
A03	675	Servizos en quioscos, caixóns, barracas ou outros locais análogos, situados en mercados ou prazas de abastos, ao aire libre na vía pública ou en xardíns.
A03	676	Servizo de chocolaterías, xeaderías e orchaterías.
A03	681	Servizo de hospedaxe en hoteis e moteis.
A03	682	Servizo de hospedaxe en hostais e pensións.
A03	683	Servizo de hospedaxe en fondas e casas de hóspedes.
A03	684	Servizo de hospedaxe en hoteis-apartamentos.
A03	685	Aloxamentos turísticos extrahoteleiros.
A03	943	Consultas e clínicas de estomatoloxía e odontoloxía.
A03	945	Consultas e clínicas veterinarias.
A03	642.1	Comercio polo miúdo de carnes e despoxo.
A03	642.2	Comercio polo miúdo, en dependencias de venda de carnicerías-charcuterías, de carnes frescas e conxeladas, refugallos e toda clase de produtos e derivados cárnicos.
A03	642.3	Comercio polo miúdo, en dependencias de venda de carnicerías-salchicherías, de carnes frescas e conxeladas, refugallos, produtos procedentes de industrias cárnicas e produtos cárnicos frescos, crús, adobados, touciño salgado, embutidos de sangue (morcillas) e aqueloutros tradicionais destas características para os que estean autorizados.
A03	642.4	Comercio polo miúdo, en carnicerías, de carnes frescas e conxeladas, refugallos e produtos e derivados cárnicos elaborados.
A03	642.5	Comercio polo miúdo de ovos, aves, coellos de granxa, caza e de produtos derivados destes.
A03	642.6	Comercio polo miúdo, en miudanzas, de vísceras e refugallos procedentes de animais de abasto, frescos e conxelados.
A03	643.1	Comercio polo miúdo de peixes e outros produtos da pesca e da acuicultura e de caracois.
A03	643.2	Comercio polo miúdo de bacallau e doutros peixes en salgadura.
A03	644.1	Comercio polo miúdo de pan, pastelería, confeitaría e similares, así como de leite e produtos lácteos.
A03	644.2	Despachos de pan, pans especiais e bolería.
A03	644.3	Comercio polo miúdo de produtos de pastelería, bolería e confeitaría.
A03	644.4	Comercio polo miúdo de xeados.
A03	644.5	Comercio polo miúdo de bombóns e caramelos.
A03	644.6	Comercio polo miúdo de masas fritas, con ou sen coberturas ou recheos, patacas fritas, produtos de aperitivo, froitos secos, lambetadas, preparados de chocolate e bebidas refrescantes.
A03	647.1	Comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimenticios e de bebidas en establecementos con vendedor.
A03	647.2	Comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimenticios e de bebidas, en réxime de autoservizo ou mixto en establecementos cuxa sala de vendas teña unha superficie inferior a 120 metros cadrados.
A03	647.3	647.3 Comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimenticios e bebidas, en réxime de autoservizo ou mixto en superservizo, denominados así cando a superficie da súa sala de vendas áchese comprendida entre 120 e 399 metros cadrados.
A03	647.5	647.5 Subministración de produtos alimenticios e bebidas, excluído o tabaco, a través de máquinas expendedoras.



CÓDIGO ACTIVIDADE (código 1, tipo 2)	GRUPO/ EPÍGRAFE	DESCRIPCIÓN
A03	651.1	Comercio polo miúdo de produtos téxtiles, confeccións para o fogar, alfombras e similares e artigos de tapicería.
A03	651.2	Comercio polo miúdo de toda clase de pezas para o vestido e tocado.
A03	651.3	Comercio polo miúdo de lencería.
A03	651.4	Comercio polo miúdo de artigos de mercería e paquetería.
A03	651.5	Comercio polo miúdo de pezas especiais.
A03	651.6	Comercio polo miúdo de calzado, artigos de pel e imitación ou produtos substitutivos, cintos, carteiras, bolsos, maletas e artigos de viaxe en xeral.
A03	651.7	Comercio polo miúdo de confeccións de peletería.
A03	652.1	Comercio polo miúdo de medicamentos, produtos sanitarios e de hixiene persoal. Farmacias
A03	652.2	Comercio polo miúdo de produtos de droguería, perfumería e cosmética, limpeza, pinturas, vernices, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración, e de produtos químicos.
A03	652.3	Comercio polo miúdo de produtos de perfumería e cosmética, e de artigos para a hixiene e o aseo persoal.
A03	652.4	Comercio polo miúdo de plantas e herbas en herbarios
A03	653.1	Comercio polo miúdo de mobles, excepto os de oficina.
A03	653.2	Comercio polo miúdo de material e aparellos eléctricos, electrónicos, electrodomésticos e outros de uso doméstico accionados por outro tipo de enerxía distinta da eléctrica, así como tamén de mobles de cociña.
A03	653.3	Comercio polo miúdo de artigos de enxoval, ferraxería, adorno, agasallo ou reclamo, incluídos bixutería e pequenos electrodomésticos.
A03	653.4	Comercio polo miúdo de materiais de construción e de artigos e mobiliario de saneamento.
A03	653.5	Comercio polo miúdo de portas, xanelas, persianas, molduras, marcos, tarimas e parqué-mosaico, cestería e artigos de cortiza.
A03	653.6	Comercio polo miúdo de artigos de bricolaxe.
A03	653.9	Comercio polo miúdo doutros artigos para o equipamento do fogar non clasificados noutras partes.
A03	654.5	Comercio polo miúdo de toda clase de maquinaria (excepto aparatos do fogar, de oficina, médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos).
A03	659.1	Comercio polo miúdo de selos, moedas, medallas conmemorativas, billetes para coleccionistas, obras de arte e antigüidades, minerais soltos ou en coleccións, fósiles, insectos, cunchas, plantas e animais disecados.
A03	659.2	Comercio polo miúdo de mobles de oficina e de máquinas e equipos de oficina.
A03	659.3	Comercio polo miúdo de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.
A03	659.4	Comercio polo miúdo de libros, xornais, artigos de papelería e escritorio, e artigos de debuxo e belas artes.
A03	659.5	Comercio polo miúdo de artigos de xoiería, relojería, pratería e bixutería.
A03	659.6	Comercio polo miúdo de xoguetes, artigos de deporte, pezas deportivas de vestido, calzado e tocado, armas, cartucheira e artigos de pirotecnia.
A03	659.7	Comercio polo miúdo de sementes, fertilizantes, flores, plantas e pequenos animais.
A03	659.8	Comercio polo miúdo denominado <i>sex shop</i> .
A03	659.9	Comercio polo miúdo doutros produtos non especificados nesta agrupación, excepto os que deban clasificarse no epígrafe 653.9.
A03	662.1	Comercio polo miúdo de toda clase de artigos en economatos e cooperativas de consumo.
A03	662.2	Comercio polo miúdo de toda clase de artigos, incluídas alimentación e bebidas en establecementos distintos dos especificados no grupo 661 e no epígrafe 662.1.
A03	663.1	Comercio polo miúdo fóra dun establecemento comercial permanente de produtos alimenticios, mesmo bebidas e xeados.



CÓDIGO ACTIVIDADE (código 1, tipo 2)	GRUPO/ EPÍGRAFE	DESCRIPCIÓN
A03	663.2	Comercio polo miúdo fóra dun establecemento comercial permanente de artigos téxtiles e de confección.
A03	663.3	Comercio polo miúdo fóra de establecemento comercial permanente de calzado, peles e artigos de coiro.
A03	663.4	Comercio polo miúdo fóra dun establecemento comercial permanente de artigos de droguería e cosméticos e de produtos químicos en xeral.
A03	663.9	Comercio polo miúdo fóra dun establecemento comercial permanente doutras clases de mercadorías non clasificado noutras partes.
A03	671.1	De cinco garfos.
A03	671.2	De catro garfos.
A03	671.3	De tres garfos.
A03	671.4	De dous garfos.
A03	671.5	Dun garfo.
A03	672.1	De tres cuncas.
A03	672.2	De dúas cuncas.
A03	672.3	Dunha cunca.
A03	673.1	De categoría especial.
A03	673.2	Outros cafés e bares.
A03	677.9	Outros servizos de alimentación propios da restauración.
A03	687.1	Campamentos de luxo.
A03	687.2	Campamentos de primeira clase.
A03	687.3	Campamentos de segunda clase.
A03	687.4	Campamentos de terceira clase.
A03	942.2	Balnearios e baños.
A03	971.1	Tinguidura, limpeza en seco, lavado e pasado de ferro de roupas feitas e de pezas e artigos do fogar usados.
A03	971.2	Limpeza e tinguido do calzado.
A03	971.3	Zurcido e reparación de roupas.
A03	972.1	Servizos de salón de peiteado de señora e cabaleiro.
A03	972.2	Salóns e institutos de beleza e gabinetes de estética.
A03	973.1	Servizos fotográficos.

Anexo II: código IAE de produtores e provedores locais

CÓDIGO ACTIVIDADE (código 1, tipo 2)	GRUPO/ EPÍGRAFE	DESCRIPCIÓN
A02	011	Explotación extensiva de gando bovino.
A02	012	Explotación intensiva de gando bovino de leite.
A02	013	Explotación intensiva de gando bovino de ceba.
A02	021	Explotación extensiva de gando ovino.
A02	023	Explotación intensiva de gando ovino de ceba.
A02	024	Explotación de gando caprino.
A02	031	Explotación extensiva de gando porcino.
A02	033	Explotación intensiva de gando porcino de ceba.
A02	051	Cunicultura.
A02	061	Explotacións de gando cabalar, mular e asnal.
A02	062	Apicultura.
A02	069	Outras explotacións gandeiras.
A02	071	Explotacións mixtas.
A05	099	Outros profesionais relacionados coa agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca non clasificados noutras partes.
A03	162	Fabricación de xeo para a venda.
A03	312	Forxa, estampado, embutición, troquelado, corte e repulsado.
A03	345	Fabricación de aparellos electrodomésticos.
A03	346	Fabricación de lámpadas e material de iluminación.
A03	399	Fabricación de reloxs e outros instrumentos non clasificados noutras partes.
A03	415	Fabricación de mollos e conservas vexetais.
A03	416	Fabricación de conservas de peixe e outros produtos mariños.
A03	426	Sidrerías.
A03	427	Fabricación de cervexa e malta cervexeira.
A03	433	Industria da seda natural e as súas mesturas e das fibras artificiais e sintéticas.
A03	434	Industria das fibras duras e as súas mesturas.
A03	436	Acabado de téxtiles.
A03	441	Curtición e acabado de coiros e peles.
A03	451	Fabricación en serie de calzado (excepto o de caucho e madeira).
A03	452	Fabricación de calzado de artesanía e a medida (incluído o calzado ortopédico).
A03	453	Confección en serie de toda clase de pezas de vestir e os seus complementos.
A03	454	Confección a medida de pezas de vestir e os seus complementos.
A03	464	Fabricación de envases e embalaxes de madeira.
A03	465	Fabricación de obxectos diversos de madeira (excepto mobles).
A03	466	Fabricación de produtos de cortiza.
A03	467	Fabricación de artigos de xunco e cana, cestería, brochas, cepillos etc. (excepto mobles).
A03	468.5	468.5 Actividades anexas á industria do moble (acabado, vernizado, tapizado, dourado, etc.)
A03	471	Fabricación de pasta papeleira.
A03	472	Fabricación de papel e cartón.
A03	492	Fabricación de instrumentos de música.
A05	861	Pintores, escultores, ceramistas, artesáns, gravadores, artistas de fallas e artistas similares.
A02	041.2	Poñedeiras de ovos a partir dos catro meses idade.
A02	042.1	Reproductoras de carne.
A02	042.2	Pitos e patos para carne.
A02	042.3	Pavos, faisáns e palmípedes reproductoras.
A02	042.4	Pavos, faisáns e palmípedes para carne.
A02	042.5	Paspallás para carne.
A03	233.1	Extracción de sal mariño.



CÓDIGO ACTIVIDADE (código 1, tipo 2)	GRUPO/ EPÍGRAFE	DESCRIPCIÓN
A03	233.2	Extracción de sal manancial e sal xema.
A03	247.4	Fabricación de vaixelas, artigos do fogar e obxectos de adorno de material cerámico.
A03	247.5	Fabricación de aparellos sanitarios de louza, porcelana e gres.
A03	252.1	Fabricación de fertilizantes.
A03	252.2	Fabricación de praguicidas.
A03	253.3	Fabricación de pinturas, vernices e lacas.
A03	253.6	Fabricación de aceites esenciais e substancias aromáticas, naturais e sintéticas.
A03	255.1	Fabricación de xabóns comúns, deterxentes e lixivias.
A03	255.2	Fabricación de xabóns de tocador e outros produtos de perfumería e cosmética.
A03	255.3	Fabricación de derivados de ceras e parafinas.
A03	316.2	Fabricación de artigos de ferraxería e cerrallería.
A03	316.4	Fabricación de artigos de enxoval.
A03	316.5	Fabricación de cociñas, quentadores e aparellos domésticos de calefacción, non eléctricos.
A03	316.6	Fabricación de mobiliario metálico.
A03	316.7	Fabricación de recipientes e envases metálicos.
A03	392.2	Fabricación de aparellos de próteses e ortopedia.
A03	393.1	Fabricación de instrumentos ópticos e material fotográfico e cinematográfico (excepto monturas para lentes).
A03	393.2	Fabricación de monturas para lentes (excepto as de plástico).
A03	411.1	Fabricación e envasado de aceite de oliva.
A03	411.2	Fabricación de aceite de oliva.
A03	411.3	Envasado de aceite de oliva.
A03	412.1	Extracción e envasado de aceites de sementes oleaxinosas e de bagazo de oliva.
A03	412.2	Obtención e envasado de aceites e graxas de animais mariños.
A03	413.2	Fabricación de produtos cárnicos de todas clases.
A03	413.3	Salas de despezamento autónomas, industrias de aproveitamento e transformación de subprodutos cárnicos para usos industriais e alimentación animal.
A03	414.1	Preparación de leite.
A03	414.2	Preparación de leite en conserva.
A03	414.3	Fabricación de queixo e manteiga.
A03	414.4	Elaboración de xeados e similares.
A03	417.1	Fabricación de fariñas e sémolas.
A03	417.2	Fabricación doutros produtos de muiñería.
A03	418.1	Fabricación de pastas alimenticias.
A03	418.2	Fabricación de produtos amiláceos.
A03	419.1	Industria do pan e da pastelería.
A03	419.2	Industrias da pastelería, bolería e galletas.
A03	419.3	Industria de elaboración de masas fritas.
A03	421.1	Industria do cacao e chocolate.
A03	421.2	Elaboración de produtos de confeitaría.
A03	422.4	Elaboración de pensos compostos para cans, gatos e outros animais familiares.
A03	423.1	Elaboración de café, té e sucedáneos de café.
A03	423.2	Elaboración de sopas preparadas, extractos e condimentos.
A03	423.3	Elaboración de produtos dietéticos e de réxime.
A03	424.2	Obtención de augardentes naturais.
A03	424.3	Obtención de augardentes compostas, licores e aperitivos non procedentes do viño.
A03	425.1	Elaboración e crianza de viños.
A03	425.2	Elaboración de viños espumosos.
A03	425.3	Elaboración doutros viños especiais.
A03	425.9	Outras industrias vinícolas non clasificadas noutras partes.
A03	428.1	Preparación e envasado de augas minerais naturais.



CÓDIGO ACTIVIDADE (código 1, tipo 2)	GRUPO/ EPÍGRAFE	DESCRIPCIÓN
A03	428.2	Fabricación de augas gasosas e outras bebidas sen alcohol.
A03	431.1	Preparación das fibras de algodón (desmotado, cardado, peiteado).
A03	431.2	Fiado e retorto do algodón e as súas mesturas.
A03	431.3	Tecido do algodón e as súas mesturas.
A03	432.1	Preparación das fibras de la (clasificación, lavado, cardado, peiteado).
A03	432.2	Fiado e retorto da la e as súas mesturas.
A03	432.3	Tecido da la e as súas mesturas.
A03	435.1	Fabricación de xéneros de punto en peza.
A03	435.2	Fabricación de calcetería.
A03	435.3	Fabricación de pezas interiores e roupa de durmir de punto.
A03	435.4	Fabricación de pezas exteriores de punto.
A03	437.1	Fabricación de alfombras e tapices.
A03	437.2	Fabricación de tecidos impregnados.
A03	439.1	Cordoería.
A03	439.2	Fabricación de feltros, tules, encaixes, pasamanería etc.
A03	439.3	Fabricación de téxtiles con fibras de recuperación.
A03	439.9	Outras industrias téxtiles non clasificadas noutras partes.
A03	442.1	Fabricación de artigos de marroquinería e viaxes.
A03	442.2	Fabricación de luvas de pel.
A03	442.9	Fabricación doutros artigos de coiro non clasificados noutras partes.
A03	455.1	Confección de artigos téxtiles para o fogar e tapicería.
A03	455.9	Confección doutros artigos téxtiles non clasificados noutras partes.
A03	456.1	Peletería natural.
A03	456.2	Peletería artificial.
A03	462.4	Madeiras melloradas.
A03	468.1	Fabricación de mobiliario de madeira para o fogar.
A03	468.2	Fabricación de mobiliario de madeira escolar e de oficina.
A03	468.3	Fabricación de mobles diversos de madeira, xunco, vimbia e cana.
A03	473.1	Fabricación de cartón ondulado e artigos de cartón ondulado.
A03	473.2	Fabricación doutros artigos de envase e embalaxe en papel e cartón.
A03	473.3	Fabricación de artigos de oficina e de escritorio, entre outros, de papel e cartón.
A03	473.4	Fabricación de artigos de decoración e de uso doméstico en papel e cartón.
A03	473.9	Fabricación doutros manipulados en papel e cartón non clasificados noutras partes.
A03	491.1	Xoiería.
A03	491.2	Bixutería.
A03	494.1	Fabricación de xogos, xoguetes e artigos de puericultura.
A03	494.2	Fabricación de artigos de deporte.
A03	495.1	Fabricación de artigos de escritorio.
A03	495.9	Fabricación doutros artigos non clasificados noutras partes.
A03	504.2	Instalacións de fontanería.
A03	504.3	Instalacións de frío, calor e acondicionamento de aire.
A03	505.5	Carpintería e cerrallería.
A03	505.6	Pintura de calquera tipo e clase, revestimentos con papel, tecidos ou plásticos e terminación e decoración de edificios e locais.
A03	505.7	Traballos en xeso e escaiola e decoración de edificios e locais.
B01		Actividade agrícola.
B02		Actividade gandeira dependente.
B03		Actividade forestal.
B04		Produción de mexillón en batea.
B05		Actividade pesqueira, excepto a actividade de produción de mexillón en batea.



Anexo III: protocolo de adhesión

Descrición da Rede de Comercio Local Move da Deputación de Pontevedra

Move é un servizo gratuito, prestado na nube polo servizo xestor designado da Deputación de Pontevedra, para a execución das actuacións relativas á rede de comercio retalista, produtores locais e provedores, e das actuacións de sensibilización e formación no marco dos proxectos “Da túa man” (rural I e II) presentados ás convocatorias de 2022 e 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais, cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea cos fondos NextGenerationEU.

A plataforma non require de tarefas de instalación nin mantemento por parte dos participantes.

Os participantes deben cumprir cos seguintes requisitos para acceder ao seu uso:

- Darse de alta en Move unha vez que a Deputación de Pontevedra resolva a aceptación da solicitude.
- Dispoñer de conexión a internet e dos equipos necesarios.
- Cumprir co disposto no manual de usuario de Move, que se publicará nesta plataforma.

A finalidade da rede é integrar toda a cadea de valor do comercio local de cada un dos concellos participantes cos produtores locais e provedores de servizos afíns para crear vínculos comerciais e estreitar e fortalecer as relacións de subministración. Así mesmo, configurarase como unha comunidade de aprendizaxe que permitirá compartir información e na que se visualizarán os comercios e os produtos locais a través de videoexperiencias nas que o comercio retalista, os establecementos hostaleiros ou os produtores locais poidan compartir a súa historia e promocionar o seu negocio, os produtos, a experiencia, o bo facer e o conxunto da oferta comercial local e turística do municipio. En definitiva, preténdese dar a coñecer o comercio e os produtos locais dos municipios beneficiarios vinculados á calidade e á diferenciación, así como garantir a sostibilidade económica e social a través do fomento do turismo mediante os establecementos hostaleiros e os recursos naturais, culturais e patrimoniais.

Acceso aos contidos

A plataforma que soste a rede contará:

- Cunha parte pública, á que se accederá mediante un portal web que lle permitirá á cidadanía acceder aos contidos xerados polos comercios retallistas, establecementos hostaleiros e provedores locais, así como a outra información relacionada co fomento de estratexias de economía circular que sexa de interese dos concellos e da Deputación de Pontevedra, coma bases e convocatorias de subvencións.
- Cunha parte privada, á que terán acceso, ademais das entidades locais que participan nos proxectos e d propia Deputación de Pontevedra, os comercios retallistas, establecementos hostaleiros e provedores locais adheridos, que poderán:



- Compartir información dos produtos locais.
- Establecer relacións comerciais de subministración para achegarlles os produtos locais ás veciñas e veciños, así como á poboación doutros municipios.
- Compartir coñecemento e boas prácticas en ámbitos coma a valoración sostible dos produtos locais, a importancia do comercio local ou outras temáticas, coma cooperativas, márketing, tecnoloxía e normativa, e xerar novas oportunidades para mellorar a competitividade apostando por un modelo máis sostible.
- Acceder aos tutoriais e ás boas prácticas de persoas expertas.
- Compartir e dar a coñecer os negocios e os produtos locais a través de videoexperiencias coa principal finalidade de que os comercios retallistas, os establecementos hostaleiros e os produtores e provedores locais poidan contar a súa historia e, ao mesmo tempo, os primeiros adquiren os produtos locais que lles trasladen “esa historia” ás e aos consumidores finais.
- Dispoñer de información e accións de formación e sensibilización sobre o uso e a xestión de ferramentas tecnolóxicas e de sensibilización para fomentar estratexias de economía circular, previr a xeración de residuos, separar correctamente os residuos para o seu reciclado e reutilizar produtos no modelo de negocio do comercio local e de establecemento hostaleiro.

Beneficios e vantaxes

- Visibilizar o establecemento comercial, hostaleiro e de produtores na plataforma tecnolóxica Move.
- Darlle visibilidade ao establecemento comercial na plataforma “Commerce Inside”/”Da túa man”.
- Dar a coñecer o negocio a través de videoexperiencias e posicionarse na rede.
- Coñecer a oferta de produtores locais e establecer vínculos comerciais.
- Diversificar a oferta de produtos de calidade, proximidade e de Km 0.
- Coñecer e experimentar outras formas de venda a través da dixitalización e da promoción comercial.
- Optimizar os custos das compras de produtos.
- Servir de referencia para atraer visitantes ao municipio.
- Participar nas accións formativas sobre a plataforma tecnolóxica Move e de sensibilización e formación sobre ferramentas dixitais e estratexias de economía circular.
- En xeral, acceder á parte privada e participar nos diferentes módulos.



Xestión da Rede de Comercio Local Move

A xestión da plataforma será asumida pola Deputación de Pontevedra en colaboración cos concellos participantes, polo que, desde a solicitude ata a formalización da adhesión, os comercios retalistas, os establecementos hostaleiros e os produtores serán asistidos e titorizados en todo momento, así como posteriormente para a dinamización da rede.

Condições de uso

- Dispoñer das especificacións técnicas necesarias para o acceso e uso da plataforma a través da correspondente conexión a internet.
- Cumprir cos procedementos de uso da plataforma en canto a código de conducta e estándares de calidade nas fotografías e videoexperiencias e respectar estes procedementos.
- Asegurar un uso correcto da plataforma, empregándoa exclusivamente para os fins e obxectivos para o que se creou e responsabilizándose do bo uso e cumprimento dos procedementos definidos nos manuais. A Deputación de Pontevedra e os concellos adheridos non responderán de ningún dano nin perda, directo ou indirecto, derivado do mal emprego da plataforma. Os participantes adheridos actuarán de punto de contacto ante calquera reclamación derivada do seu uso.
- Cumprir e facer cumprir as medidas de seguridade, privacidade e confidencialidade e de protección de datos de carácter persoal, de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e á Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da que serán informadas convenientemente.
- Autorizar a toma de imaxes que se poidan realizar durante o desenvolvemento da Rede de Comercio Local Move, que a Deputación de Pontevedra poderá empregar na plataforma Move e nas noticias contidas en publicacións ou xornais, así como a súa divulgación, tanto nos seus portais web coma nas súas redes sociais.

Este texto consolidado non ten valor xurídico.